



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000022

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e doce minutos do día dezoito de xuño de dous mil vinte e catro, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 330 de data 1 de xullo/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste a interventora dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 18.06.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 18.06.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de obra maior.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 314/2023 Tedec 2023/U022/000022

.- Expte. de obras 314/2023.- [REDACTED] **representada por Paula Freire Dopico,** solicita licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar aillada,** nunha parcela situada no lugar de A Bedoxa, 19 (referencia catastral nº. 15088A503008250000GK).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar aillada redactado polos técnicos Francisco Pérez Rodríguez y Francisco Lera Fernández, achegado o 22/12/2023 e visado o 15/12/2023.
- Subsanción de deficiencias en P. B. de vivenda unifamiliar aillada redactado polos mesmos arquitectos, achegado o 09/05/2024 e visado o 06/05/2024.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE COMÚN.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 19/06//2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 19/06/2024 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras PARA A** construción de vivenda unifamiliar aillada, nunha parcela situada no lugar de A Bedoxa, 19 (referencia catastral nº. 15088A503008250000GK).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Francisco Pérez Rodríguez y Francisco Lera Fernández e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 19 de xuño de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 534,08 €, ICIO.- 2.456,78 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000022).

B.- Renuncia da licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE RENUNCIA DE LICENZA DE OBRAS PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Expte: 112/2023. Tedec: 2023/U022/000007

.- Expte. de obras 112/2023.- [REDACTED] (representada por [REDACTED]).-

Vista solicitude presentada o 17-04-2023 por [REDACTED] en representación de [REDACTED] para a licenza de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita no Lugar de Castido nº 75, parroquia de Lago, Valdoviño, con referencia catastral nº 000802200NJ62F0001QO.

Visto certificado de Secretaría polo que se acredita o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local relativo ao outorgamento de licenza de edificación para execución das obras solicitadas na parcela con referencia catastral nº 000802200NJ62F0001QO, de 7-12-2023 e notificado, segundo acuse de recibo, o 22-12-2023.

Visto escrito presentado o 06-02-2024 por [REDACTED] en representación de [REDACTED] (nº de rexistro de entrada (202499900000215) e o escrito de data 22-02-2024 (nº de rexistro 202499900000315) no que solicita a renuncia á licenza concedida para levar a cabo as obras de ampliación e reforma de vivenda unifamiliar antedita, e polo tanto, do arquivo do expediente de obras nº 112/2023, que se incoou ao efecto.

Consta no expediente acreditado mediante xustificante de data 02-02-2024, o pago das taxas administrativas correspondentes ao trámite e exame de proxecto.

Visto o informe da policía Local de data 19-06-2024, no que se establece:

“(…) Que xirada vista de comprobación á edificación ubicada na parcela conreferencia catastral 15088A50100844, a cal se corresponde co número 75 do lugar de Castido, na parroquia de Lago (Valdoviño), se pode observar que as obras previstas na licenza con nº de expediente 112/2023 non foron levadas a cabo a día da data”

Considerando o disposto **no artigo 84 e artigo 94** da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, en relación ao desestimento da solicitude

E visto o disposto no **artigo 26.1 e 103.1** do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativos á liquidación da taxa e do ICIO, respectivamente, esta **ALCALDÍA**, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aceptar a renuncia formulada por [REDACTED] **relativa á licenza de obras para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita non Lugar de Castido nº 75, parroquia de Lago, Valdoviño, con referencia catastral nº 000802200NJ62F0001QO, e que deu lugar á apertura do expediente de obras nº : 112/2023 (Tedec: 2023/U022/000007)**

Segundo.- Para os efectos do establecido no art. 103.1 da LRHL, e comprobado que non se levaron a cabo as obras solicitadas, **procede rectificar a liquidación provisional de tributos e por tanto non ha lugar ao pago do ICIO.**

Terceiro.- Arquivar o expediente de obras 112/2023 (Tedec: 2023/U022/000007), cos efectos previstos na lei.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado, dando traslado dos recursos que proceda interpoñer.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000007).

3º.-APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE “RUTAS GUIADAS PARA TODOS OS PÚBLICOS “ NO SEO DO PROXECTO ONDAS DE SABOR”: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBES E BIVALVOS DE VALDOVIÑO -GALP 2023.-

“Expediente: 2024/C002/000011

Asunto: Contrato Menor de servizo- Actividade 2.RUTAS GUIADAS PARA TODOS OS PÚBLICOS-Proxecto Ondas de Sabor (GALP 2023-Anualidade 2024).

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha das liñas de actuación prioritarias do Concello de Valdoviño é promover as actuacións que fomenten o desenvolvemento das comunidades pesqueiras, acuícolas e permitir unha economía azul sostible. En novembro de 2023 o Concello de Valdoviño solicitou unha axuda ao abeiro da “Orde de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)” para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALVOS DE VALDOVIÑO ”.

A Consellería do Mar concedeu unha axuda ao Concello de Vadoviño ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada ao GALP a Mariña-Ortegal

para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALVOS DE VALDOVIÑO”, resultando beneficiario de dita subvención para as anualidades 2023,2024 e 2025.

O proxecto posúe un interese colectivo para o municipio, sendo o seu obxectivo xeral mellorar o peso económico do sector marisqueiro, valorizando o produto local a través do fomento do seu consumo, mediante accións nas que se da a coñecer o rol das xentes do mar, a calidade e trazabilidade dos produtos a través da sensibilizacións dos escolares, sociedade e profesionalización da hostaleira local.

Deste modo coa execución das actuacións que conforman o proxecto, darase a coñecer as oportunidades do sector e as problemáticas. Para a consecución do obxectivo, unha das actuacións subvencionadas para a anualidade 2024 é **Actividade 2. RUTAS GUIADAS PARA TODOS OS PÚBLICOS**. Esta acción consiste no deseño e guiado dunha ruta tematizada en base á programación turística e de oferta de xeorutas do Xeoparque Cabo Ortegal, coa participación de colectivos do mar e no litoral. A ruta realizarase en dous guiados en diferentes datas e son dirixidas por unha persoa acompañante coa titulación necesaria.

Estando interesado esta entidade local na contratación do servizo “**RUTAS GUIADAS PARA TODOS OS PÚBLICOS**” no seo do proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO” para o ano 2024 , cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

-**PUERTAS AFUERA S.L** con CIF B70358437, presenta oferta económica o 23.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000784) por importe de **4.500,00 € (5.445,00€ IVE engadido)**.

-**GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573, presenta oferta económica o 21.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000763) por importe de **4.300,00 € (5.203,00€ IVE engadido)**.

-**MICE GALICIA SL** con CIF B704579999, presenta oferta económica o 22.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000770) por importe de **4.860,00€ (5.880,60€ IVE engadido)**.

Considerando o disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, os contratos de servizo cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbráis descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con documento número **22024002651** por importe de **5.203,00 €**.con cargo a aplicación **432/22799**.

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación de alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº nº336/2023 de data 26 de xuño de 2023.

En virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa concordante, esta Alcaldía:

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573 , o contrato menor de servizo de **RUTAS GUIADAS PARA TODOS OS PÚBLICOS** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”** , por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade-prezo formulada por importe **4.300,00 € (5.203,00€ IVE engadido)**.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do servizo **RUTAS GUIADAS PARA TODOS OS PÚBLICOS** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”** , a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria **432/22799** do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Notificar ao adxudicatario **GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573 o presente acordo con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asina dixitalmente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000011).

4.- APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE “EXPOSICIÓN DE PANEIS DE EXTERIOR” NO SEO DO PROXECTO ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBES E BIVALVOS DE VALDOVIÑO -GALP 2023.-

“Expediente: 2024/C002/000012

Asunto: Contrato Menor de servizo- Actividade 3.EXPOSICIÓN DE PANEIS DE EXTERIOR (Proxecto Ondas de Sabor GALP 2023-Anualidade 2024)

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha das liñas de actuación prioritarias do Concello de Valdoviño é promover as actuacións que fomenten o desenvolvemento das comunidades pesqueiras, acuícolas e permitir unha economía azul sostible. En novembro de 2023 o Concello de Valdoviño solicitou unha axuda ao abeiro da “Orde de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)” para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO ”.

A Consellería do Mar concedeu unha axuda ao Concello de Vadoviño ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada ao GALP a Mariña-Ortegal para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALVOS DE VALDOVIÑO”, resultando beneficiario de dita subvención para as anualidades 2023,2024 e 2025.

O proxecto posúe un interese colectivo para o municipio, sendo o seu obxectivo xeral mellorar o peso económico do sector marisqueiro, valorizando o produto local a través do fomento do seu consumo, mediante accións nas que se da a coñecer o rol das xentes do

mar, a calidade e trazabilidade dos produtos a través da sensibilización dos escolares, sociedade e profesionalización da hostaleira local.

Deste modo coa execución das actuacións que conforman o proxecto, darase a coñecer as oportunidades do sector e as problemáticas. Para a consecución do obxectivo, unha das actuacións subvencionadas para a anualidade 2024 é **Actividade 3. EXPOSICIÓN DE PANEIS DE EXTERIOR**. A actividade consiste no deseño de contidos, maquetación e fabricación de oito paneis incluíndo códigos QR, con fotografías de produto e das xentes do mar. Igualmente organizarase un evento co material informativo nun punto clave de Valdoviño cun mínimo de 15 días de exhibición.

Estando interesado esta entidade local na contratación do servizo “**EXPOSICIÓN DE PANEIS DE EXTERIOR**” no seo do proxecto “**ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO**” para o ano 2024 , cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

-**IMAXINA NARÓN SL** con CIF B70288220, presenta oferta económica o 21.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000767) por importe de **4.600,00 € (5.566,00€ IVE engadido)**.

-**GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573, presenta oferta económica o 21.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000764) por importe de **4.955,00 € (5.995,55€ IVE engadido)**.

-**MICE GALICIA SL** con CIF B704579999, presenta oferta económica o 22.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000770) por importe de **5.150,00€ (6.231,50€ IVE engadido)**.

Considerando o disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, os contratos de servizo cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbráis descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con documento número **22024002652** por importe de **5.566,00 €**.con cargo a aplicación **432/22799**.

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación de alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº nº336/2023 de data 26 de xuño de 2023.

En virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa concordante, esta Alcaldía:

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **IMAXINA NARÓN SL** con CIF B70288220, o contrato menor de servizo de **Actividade 3. EXPOSICIÓN DE PANEIS DE EXTERIOR** no seo do proxecto “**ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO**” , por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade-prezo formulada por importe **4.600,00 € (5.566,00€ IVE engadido)**.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do servizo” **EXPOSICIÓN DE PANEIS DE EXTERIOR”** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”** , a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria **432/22799** do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Notificar ao adxudicatario **IMAXINA NARÓN SL** con CIF B70288220 o presente acordo con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asina dixitalmente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000012).

5º.- APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE “SESIÓNS DE COCIÑA MARIÑEIRA” NO SEO DO PROXECTO ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBES E BIVALVOS DE VALDOVIÑO -GALP 2023.-

“Expediente: 2024/C002/000013

Asunto: Contrato Menor de servizo- Actividade 4. Sesión de cociña mariñeira.- Proxecto Ondas de Sabor (GALP 2023-Anualidade 2024)

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha das liñas de actuación prioritarias do Concello de Valdoviño é promover as actuacións que fomenten o desenvolvemento das comunidades pesqueiras, acuícolas e permitir unha economía azul sostible. En novembro de 2023 o Concello de Valdoviño solicitou unha axuda ao abeiro da “Orde de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)” para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO ”.

A Consellería do Mar concedeu unha axuda ao Concello de Vadoviño ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada ao GALP a Mariña-Ortegal para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALVOS DE VALDOVIÑO”, resultando beneficiario de dita subvención para as anualidades 2023,2024 e 2025.

O proxecto posúe un interese colectivo para o municipio, sendo o seu obxectivo xeral mellorar o peso económico do sector marisqueiro, valorizando o produto local a través do fomento do seu consumo, mediante accións nas que se da a coñecer o rol das xentes do mar, a calidade e trazabilidade dos produtos a través da sensibilizacións dos escolares, sociedade e profesionalización da hostaleira local.

Deste modo coa execución das actuacións que conforman o proxecto, darase a coñecer as

oportunidades do sector e as problemáticas. Para a consecución do obxectivo, unha das actuacións subvencionadas para a anualidade 2024 é **Actividade 4.SESIÓN DE COCIÑA MARIÑEIRA**. A actividade consiste nunha sesión formativa sobre a preparación de especies da zona e presentación gastronómica con subprodutos e outras especies infrautilizadas dirixida á hostalería local con chefs de recoñecido prestixio no sector gastronómico. A sesión formativa irá acompañada da demostración do uso de cociñas solares e accións de sensibilización sobre a eficiencia enerxética e a emerxencia climática.

Estando interesado esta entidade local na contratación da “**SESIÓN DE COCIÑA MARIÑEIRA**” no seo do proxecto “**ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO**” para o ano 2024 , cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

-PUERTAS AFUERA SL con CIF B70358437, presenta oferta económica o 23.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000784) por importe de **7.082,40 € (8.569,70€ IVE engadido)**.

-GOODLIFE FACTORY SL con CIF B70534573, presenta oferta económica o 21.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000765) por importe de **6.450,00 € (7.804,50€ IVE engadido)**.

-MICE GALICIA SL con CIF B704579999, presenta oferta económica o 22.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000770) por importe de **6.650,00€ (8.046,50€ IVE engadido)**.

Considerando o disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, os contratos de servizo cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbráis descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con documento número **22024002653** por importe de **7.804,50 €**.con cargo a aplicación **432/22799**.

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación de alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº nº336/2023 de data 26 de xuño de 2023.

En virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa concordante, esta Alcaldía:

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573, o contrato menor de servizo de **Actividade 4.SESIÓN DE COCIÑA MARIÑEIRA** no seo do proxecto “**ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO**” , por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade-prezo formulada por importe **6.450,00 € (7.804,50€ IVE engadido)**.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do servizo de **SESIÓN DE COCIÑA MARIÑEIRA** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”**, a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria **432/22799** do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Notificar ao adxudicatario **GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573 o presente acordo con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asina dixitalmente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000013).

6º.- APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE “ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN” NO SEO DO PROXECTO ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBES E BIVALVOS DE VALDOVIÑO -GALP 2023.-

“Expediente: 2024/C002/000010

Asunto: Contrato Menor de servizo- Actividade 5. COMUNICACIÓN- NOTAS DE PRENSA E CONTIDOS EN REDES SOCIAIS.- Proxecto Ondas de Sabor (GALP 2023-Anualidade 2024)

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha das liñas de actuación prioritarias do Concello de Valdoviño é promover as actuacións que fomenten o desenvolvemento das comunidades pesqueiras, acuícolas e permitir unha economía azul sostible. En novembro de 2023 o Concello de Valdoviño solicitou unha axuda ao abeiro da “Orde de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)” para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO ”.

A Consellería do Mar concedeu unha axuda ao Concello de Vadoviño ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada ao GALP a Mariña-Ortegal para o proxecto “ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALVOS DE VALDOVIÑO”, resultando beneficiario de dita subvención para as anualidades 2023,2024 e 2025.

O proxecto posúe un interese colectivo para o municipio, sendo o seu obxectivo xeral mellorar o peso económico do sector marisqueiro, valorizando o produto local a través do fomento do seu consumo, mediante accións nas que se da a coñecer o rol das xentes do mar, a calidade e trazabilidade dos produtos a través da sensibilizacións dos escolares, sociedade e profesionalización da hostaleira local.

Deste modo coa execución das actuacións que conforman o proxecto, darase a coñecer as oportunidades do sector e as problemáticas. Para a consecución do obxectivo, unha das actuacións subvencionadas para a anualidade 2024 é a de **“COMUNICACIÓN- NOTAS DE PRENSA E CONTIDOS EN REDES SOCIAIS”**. A actividade consiste na elaboración de 4 notas de prensa e contacto cos medios de comunicación e 8 posts para as redes sociais municipais.

Estando interesado esta entidade local na contratación da **“COMUNICACIÓN- NOTAS DE PRENSA E CONTIDOS EN REDES SOCIAIS”** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”** para o ano 2024 , cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

-COMA COMUNICACION CREATIVA con CIF F70525332, presenta oferta económica o 30.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000820) por importe de **1.972,00 € (2.386,12€ IVE engadido)**.

-GOODLIFE FACTORY SL con CIF B70534573, presenta oferta económica o 21.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000766) por importe de **1.547,92 € (1.872,98€ IVE engadido)**.

-MICE GALICIA SL con CIF B704579999, presenta oferta económica o 22.05.2024 (nº rex. De entrada 202499900000770) por importe de **1.800,00€ (2.178,00€ IVE engadido)**.

Considerando o disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, os contratos de servizo cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbráis descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con documento número **22024002650** por importe de **1.872,98 €**.con cargo a aplicación **432/22799**.

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación de alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº nº336/2023 de data 26 de xuño de 2023.

En virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa concordante, esta Alcaldía:

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573, o contrato menor de servizo de **“COMUNICACIÓN- NOTAS DE PRENSA E CONTIDOS EN REDES SOCIAIS”** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”** , por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade-prezo formulada por importe **1.547,92 € (1.872,98€ IVE engadido)**.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do servizo de **“COMUNICACIÓN- NOTAS DE PRENSA E CONTIDOS EN REDES SOCIAIS”** no seo do proxecto **“ONDAS DE SABOR: PROMOCIÓN DO CONSUMO DE PERCEBE E BIVALBOS DE VALDOVIÑO”** , a adxudicar mediante contrato menor

con cargo á aplicación orzamentaria 432/22799 do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Notificar ao adxudicatario **GOODLIFE FACTORY SL** con CIF B70534573 o presente acordo con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asina dixitalmente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000010).

7º.- .SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON J [REDACTED]

“Proposta de Alcaldía

Expte. 2024/R002/000002

Vista a instancia de don [REDACTED] formulada en data 18 de xuño de 2024, rexistro xeral de entrada núm. 202400000001277 pola que solicita que se lle conceda a licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O
MARXE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/R002/000002).

-FORA DA ORDE DO DIA.-

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno a urxenza do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras na tramitación do expediente de contratación, inclúese fóra da Orde do Día.

.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS: LIMPEZA DAS PRAIAS DE CAMPELO, DO RIO, DO CANO GRANDE, DO CANO PEQUEÑO, MOURILLÁ, A FROUXEIRA, PANTIN, PORTO CARRIZO, O BALEO E VILLARRUBE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO .-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C004/000004

SERVIZO: Limpeza das praias de Campelo, do Río, do Cano Grande, do Cano Grande, do Cano Pequeno, Mourillá, A Frouxeira, Pantín, Porto Carrizo, O Baleo e Vilarrube do Concello de Valdoviño

Aprobado o expediente de contratación do servizo de: “Limpeza das praias de Campelo, do Río, do Cano Grande, do Cano Pequeno, Mourillá, A Frouxeira, Pantín, Porto Carrizo, O Baleo e Vilarrube do Concello de Valdoviño” segundo Resolución de Alcaldía nº 244/2024 de data 20/05/2024 e subvencionado ao abeiro do plan da Deputación MA100: subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no 2024 da Deputación da Coruña, aprobada en data 23 de febreiro de 2024 no BOP nº 39.

Licitación: procedemento aberto simplificado con aplicación de criterios de apreciación automática, tramitación abreviada.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas ofertas, en sesión de data 10 de xuño de 2024 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre único e acordou:

“.- REQUIRIR ao licitador NIF: 76412830E FRANCISCO ENRIQUE FERNÁNDEZ DÍAZ para que no prazo de TRES DÍAS NATURAIS a partir do seguinte ao do percibo do requirimento, presente: Certificado de alta censal no imposto de actividades económicas (IAE) relativo á actividade profesional/mercantil/económica que inclúa o obxecto do contrato especificado na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas particulares toda vez que consultado o rexistro xeral de contratistas da comunidade autónoma de Galicia no mesmo non figura o obxecto social e os epígrafes de IAE que constan no certificado (463.1, 663.1 e 722.0) non abranguen o obxecto do contrato descrito na cláusula primeira do PCCAAPP. Por conseguinte debe aclarar este extremo acreditando a inscrición no epígrafe do IAE que inclúa o obxecto do contrato en relación co artigo 65.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público pola que se*

traspoñen ao ordenamento xurídico das directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.

**.- REQUIRIR ao licitador NIF: B04937389 SOMOS ENREDOS, S. L. para que no prazo de TRES DÍAS NATURAIS a partir do seguinte ao do percibo do requirimento, presente: Acordo da entidade xurídica relativo ao seu obxecto social toda vez que consultado o rexistro xeral de contratistas da comunidade autónoma de Galicia no mesmo non consta obxecto social que inclúa o obxecto de contrato descrito na cláusula primeira dos pregos de cláusulas administrativas do contrato; por conseguinte debe aclarar este extremo acreditando o acordo relativo ao seu obxecto social en relación co artigo 65.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico das directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014*

**.-REQUIRIR ao licitador NIF: B15557309 SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L. para que no prazo de TRES DÍAS NATURAIS a partir do seguinte ao do percibo do requirimento, presente DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTATACIÓN (DEUC) correxido toda vez que o aportado no apartado relativo ao nome oficial da identidade contratante figura AYUNTAMIENTO DE CARIÑO cando o correspondente ao presente procedemento é o Concello de Valdoviño. Por conseguinte debe presentar o DEUC correcto en virtude da cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.”*

En data 17 de xuño de 2024 a mesa de contratación celebrou sesión para analizar a subsanación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2024/C004/000004 para adxudicar o contrato de Limpeza das praias de Campelo, do Río, do Cano Grande, do Cano Pequeño, Mourillá, A Frouxeira, Pantín, Porto Carrizo, O Baleo e Vilarrube do Concello de Valdoviño e para valorar a oferta correspondente a criterios cuantificables automaticamente expte. 2024/C004/000004 e revisada a documentación presentada polos licitadores a Mesa de contratación, acordou:

*ADMITIR AOS LICITADORES SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L. e FRANCISCO ENRIQUE FERNÁNDEZ DÍAZ
EXCLUIR AO LICITADOR SOMOS ENREDOS, S. L. atendendo á renuncia presentada polo mesmo.*

Resultando así que a listaxe de ADMITIDOS NA CONTRATACIÓN É A SEGUINTE:

*NIF: B15557309-SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L.
NIF: 76412830E-FRANCISCO ENRIQUE FERNÁNDEZ DÍAZ*

Procedéndose a valorar as melloras no servizo presentadas polos licitadores admitidos arroxando os seguintes resultados:

O licitador B15557309-SERVIZOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L. ofrece as melloras que se detallan a continuación:

*“I.- Ampliación do período ofertado de prestación do servizo:
II.- Subministro, instalación, limpeza e mantemento diario de dous aseos portátiles nas inmediacións do acceso á praia de Campelo (sendo un deles especialmente adaptado ó seu*

uso por personas de movilidad reducida), retirando calquera obxecto ou residuo da mesma e xestionando o seu tratamento ata o seu depósito no vertedoiro ou planta de tratamento correspondente, evitando a interrupción do seu uso:

III.- Limpeza e mantemento xeral da pista polideportiva existente na Praia da Frouxeira:

IV.- Desbroce e mantemento dos parques infantís existentes na Frouxeira e Pantín:

V.- Que a plantilla da empresa no mes de xuño do ano 2023 estaba integrada por 25 persoas con discapacidade e con contrato fixo todas elas. Dita plantilla estaba composta por oito mulleres e dezasete homes.

VI.- Que a plantilla da empresa no mes de xuño do ano 2024 estaba integrada por 19 persoas con discapacidade e con contrato fixo todas elas. Dita plantilla está composta por nove mulleres e dez homes.”

Polo que a puntuación acadada nos apartados é a seguinte:

I.- 60 puntos

II.- 20 puntos

III.- 5 puntos

IV.- 5 puntos

V.- 5 puntos.

O que fai un total de 95 puntos acadados polo licitador Servicios Gallegos de Minusválidos, S. L. no apartado de melloras e de estabilidade no emprego.

O licitador 76412830E- Francisco Enrique Fernández Díaz ofrece as melloras que se detallan a continuación:

“I.- Limpeza e mantemento xeral da pista polideportiva existente na praia da Frouxeira:

II.- Desbroce e mantemento dos parques infantís existentes na Frouxeira e Pantín: E para que conste, asino a presente.”

Polo que a puntuación acadada nos apartados é a seguinte:

III.- 5 puntos

IV.- 5 puntos

O que fai un total de 10 puntos acadados polo licitador Francisco Enrique Fernández Díaz no apartado de melloras.

A continuación a mesa de contratación procedeu a valorar as ofertas económicas presentadas polos licitadores de acordo coa fórmula elaborada a pedimento da Deputación Provincial da Coruña pola Facultade de Matemáticas da USC arroxando os seguintes valores:

O licitador B15557309-SERVIZOS GALEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L. oferta un prezo de 24.000,00 euros máis un IVE de 2.400,00 € o que supón un importe total de 26.400,00 €
O licitador 76412830E-Francisco Enrique Fernández Díaz oferta un prezo de 26.700,00 € máis un IVE de 2.670,00 € o que supón un importe total de 29.637,43 €

Efectúase a valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo con IVE: 29.637,43 euros, resultando:

NIF: B15557309-SERVIZOS GALEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L Valor introducido polo licitador.- 26.400,00 euros.- Baixa (%) 10,92 %.- Puntuación.- 2,55

NIF: 76412830E.- Baixa (%) 0,00 %.- Puntuación.- 0,00

Polo que a oferta presentada por SERVICIOS GALEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L. resultou ser unha oferta anormalmente baixa.

De conformidade co punto 13 do prego do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática das obras comprendidas nos plans provinciais (ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“Cando o órgano de contratación ou a mesa de contratación apreciase, de xeito fundado, que algunha oferta resulta anormalmente baixa ou desproporcionada, requirirá á empresa licitadora que a tivera presentado, a fin de que, nun prazo de cinco días hábiles, xustifique e desglose, de xeito fundado e detallado, o baixo nivel dos prezos e/ou custos e/ou calquera parámetro que se tivese tido en consideración para apreciar o prezo anormalmente baixo da proposta, aportando toda a información e documentos que sexan de pertinencia a tal fin. O requirimento á empresa licitadora terá que realizarse de xeito claro e preciso, a fin de que a mesma poida xustificar debida e completamente a viabilidade da oferta presentada. A mesa de contratación ou, no seu defecto o órgano de contratación, poderá solicitar xustificación sobre as condicións da oferta que resulten susceptibles de determinar o baixo prezo da mesma, e, en particular, sobre os seguintes parámetros:

- a) Solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.*
- b) Aforro que permita o procedemento de execución do servizo.*
- c) Solucións técnicas e/ou condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para a prestación do servizo.*
- d) A innovación e orixinalidade das solucións propostas para a prestación do servizo.*
- e) O respecto de obrigacións que resulten de aplicación en materia medioambiental, social ou laboral, E de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o previsto no artigo 201 LCSP.*
- f) A posible obtención dunha subvención dunha administración pública.*

Se entenderá, en todo caso, que a xustificación dada pola empresa licitadora non da razón do baixo prezo da proposta, cando dita explicación resultase incompleta ou estivese baseada en hipóteses ou prácticas inadecuadas ou inasumibles dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

En todo caso, a oferta será rexeitada se se comproba que resulta anormalmente baixa por vulnerar a normativa en materia de subcontratación ou incumprir as obrigacións aplicables en materia medioambiental, social o laboral, nacional o internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación de lo establecido no artigo 201 LCSP.

A Mesa de Contratación acordou:

1º REQUIRIR á empresa NIF: B15557309-SERVIZOS GALEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L.

para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 13 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

A mesa de contratación en sesión celebrada en data 01/07/2024 analizou a documentación presentada por Servizos Galegos de Minusválidos, S. L. en resposta ao requirimento de xustificación da oferta anormalmente baixa presentada na que acredita que debido á súa consideración de centro especial de emprego sen ánimo de lucro para persoas con discapacidade inscrita no rexistro administrativo de centros especiais de emprego en data 29/02/2008 o 100% dos seus traballadores son persoas con discapacidade polo que acollen programas de axudas regulados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais na Orde de 16 de outubro de 1998 pola que se establecen bases reguladoras para a concesión de axudas e subvencións públicas destinadas no fomento da integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego que inclúen entre outros no artigo 4 unha bonificación do 100 % cotizacións á seguridade social e un 50% no SMI.

Polo que a devandita Mesa tras tomar coñecemento da xustificación da oferta anormalmente baixa presentada por Servicios Gallegos de Minusválidos, S. L. resolveu FORMULAR ante o órgano de contratación PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN do contrato do servizo de *Limpeza das praias de Campelo, do Río, do Cano Grande, do Cano Pequeño, Mourillá, A Frouxeira, Pantín, Porto Carrizo, O Baleo e Vilarrube do Concello de Valdoviño* a favor da empresa Servicios Gallegos de Minusválidos, S. L., NIF B15557309 motivado en que se considera xustificada a baixa temeraria conforme a documentación presentada e que dita empresa é a máis ventaxosa economicamente e a que obtivo a maior puntuación nos criterios cuantificables automaticamente.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF B15557309-SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S. L. presentou unha oferta que non incorre en baixa temeraria cun importe:

- A) Prezo sen IVE: 24.000,00 euros
- B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 2.400,00 euros
- C) TOTAL (A+B): 26.400,00 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar dnde o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a seguinte documentación ao abeiro da cláusula 10 do PCCAAPP:

- a) Certificado positivo de non manter débedas coa Axencia Estatal Tributaria.
- b) Certificado positivo de non mater débedas coa Axencia Tributaria de Galicia.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C004/000004).

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/